



—COMPROMETIDOS CO  
TEU FUTURO E O DE GALICIA—



## Entrevistas



**Encarnación Rivas Díaz**  
DIRECTORA XERAL  
DE ORDENACIÓN  
DO TERRITORIO  
E URBANISMO

**"O urbanismo responsable é tarefa de todos"**

[Ler máis...](#)



**Luís Lamas Álvarez**  
CONCELLEIRO DE  
OBRAS E SERVIZOS  
EN CARBALLO

**"A marca Carballo 2030 representa o reto de conseguir un concello máis sostible"**

[Ler máis...](#)

## Editorial



**Javier Domínguez**  
PRESIDENTE DE SOGAMA

**"A valorización da materia orgánica no modelo Sogama toma forma"**

[Ler máis...](#)

## Mundo SOGAMA

### Unha cuarta planta en Verín completa a infraestrutura industrial para o tratamento dos biorresiduos do contedor marrón

Sogama construír á cuarta planta de biorresiduos no Concello de Verín, concretamente no polígono empresarial de Pazos. A infraestrutura sumárase ás outras dúas novas plantas provinciais en Vilanova de Arousa (Pontevedra) e en Cervo (Lugo) e á que xa están operando en Cerceda (A Coruña).



[Ler máis...](#)

## Actualidade

Avanza o proxecto da nova planta de transferencia de Cee

Cese de actividade da planta provisional para tratamento de residuos sanitarios

Recta final para o "Recíclate con Sogama" 2020-2021



[Ler máis...](#)

## Multimedia



@SogamaXunta, novo usuario nas redes sociais



Videos didácticos contra o desperdicio alimentario

Xogo online "O Ecoráculo"



[Ver máis...](#)

## Eventos

Entrega dos premios Aproema

O modelo Sogama nunha webinar para Latinoamérica

Semana da ReciclaXe 2021

[Máis eventos...](#)

## Curiosidades

Uso responsable dos medicamentos en Secundaria e Bacharelato

2 millóns de lámpadas recicladas en toda Europa

[Máis curiosidades...](#)

## Receitario



### Que comes hoxe?

1. Patacas duffenoise
2. Ensalada de polo con sardiñas
3. Croquetas de peixe

[Ver receita...](#)

Síguenos en...



[www.sogama.gal](http://www.sogama.gal)



## “A valorización da materia orgánica no modelo Sogama toma forma”

A fin de axudar aos concellos a que cumpran coas súas obrigas na xestión sostible dos residuos, xa que se trata dunha competencia municipal, e tendo en conta que os prazos para o cumprimento dos obxectivos europeos apremian, a redacción dos proxectos básicos das tres novas plantas públicas de biorresiduos que esta empresa pública construírá e xestionará en Galicia, xa están practicamente culminados, servindo de base para as obras posteriores.

Se todo segue o seu curso, estas tres instalacións entrarán operativas a finais do ano 2022 e sumaranse á que xa está a funcionar en Cerceda. Desta forma, a Xunta artellará unha rede de infraestruturas da que formarán parte outras plantas destas características, tanto públicas como privadas, actuais e futuras.

Os polígonos industriais dos municipios de Vilanova de Arousa (Pontevedra), Cervo (Lugo) e Verín (Ourense), acollerán as súas respectivas plantas de biorresiduos, que estarán apoiadas por 13 plantas de transferencia desde as que se transvasará a materia orgánica recollida selectivamente a través do quinto contedor, de cor marrón, para ser transportada á de tratamento.

As tres instalacións, que se autoabastecerán con enerxías renovables, estarán equipadas coas tecnoloxías máis innovadoras a fin de dotar da maior fiabilidade e robustez posible ao conxunto da operativa, así como para posibilitar a máxima recuperación de subprodutos con sistemas automáticos de clasificación. E todo isto desde o máximo respecto ambiental. A pretensión última é obter un

compost estable e de alta calidade para o seu posterior uso, con plenas garantías, na agricultura e xardinería.

O plan de acción contempla que, dos 295 ayuntamentos adscritos a Sogama, máis de 280 dispoñan dunha planta de compostaxe, ou ben dunha planta de transferencia, a menos de 50 quilómetros de distancia. Nos restantes municipios, cun número de habitantes exíguo, sería suficiente con implantar a compostaxe doméstica e/ou comunitaria para poñer en valor os residuos orgánicos producidos.

Tras a ampliación do Complexo Medioambiental de Cerceda, ao que se dotou no seu momento cunha planta de recuperación de materiais contidos no lixo en masa que opera en liña coa industria 4.0, e que permitiu incrementar a capacidade de tratamento ata 1 millón de toneladas anuais, a posta en marcha das tres instalacións de biorresiduos, así como a remodelación dunha boa parte das plantas de transferencia de Sogama, posibilitará que Galicia dea outro gran paso cara á sustentabilidade, pechando o círculo do aproveitamento da materia orgánica, que regresará á terra con todas as súas bondades. ●

### Presidente

Javier Domínguez Lino

Editorial en castelán

## Entrevistamos a...



### Encarnación Rivas Díaz

Directora xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo.  
Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda

## "A ordenación do territorio é clave para o desenvolvemento dun país"

Desde febreiro pasado, Galicia dispón dunha nova Lei de Ordenación do Territorio para desenvolver unha política máis sostible e integrada no medio natural e a paisaxe e, en definitiva, "mellorar a calidade de vida dos galegos" puntualiza Encarnación Rivas Díaz, directora xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo e impulsora da lei xunto con outros plans e proxectos que conforman o corpus normativo da comunidade. Pero máis aló deste texto legal, a responsable recorda que, sobre todo, é necesario a responsabilidade individual e colectiva para impulsar un urbanismo responsable.

### O pasado 15 de febreiro publicouse no Diario Oficial de Galicia a nova Lei do Territorio, que vén substituír a unha anterior con 25 anos de vixencia. Que salientaría desta nova lei?

A ordenación do territorio é clave para o desenvolvemento dun país, porque constitúe a folia de ruta do seu futuro con criterio e garantías.

Aínda que os plans xerais fornecen dunha ordenación coherente e igualitaria aos concello, é preciso ter instrumentos supramunicipais que garantan esa mesma igualdade de oportunidades a nivel da Comunidade Autónoma. Nese senso, os obxectivos da nova Lei de Ordenación do Territorio son mellorar a calidade de vida dos galegos, procurando o desenvolvemento equilibrado de toda a Comunidade. Trátase de garantir a accesibilidade de toda a poboación ás infraestruturas e servizos, mellorando a relación do medio urbano e do

medio rural, establecendo políticas e estratexias que fagan máis atractiva a vida no rural e potenciando o desenvolvemento económico sostible, aproveitando e valorando as oportunidades do territorio e protexendo os valores naturais e culturais.

A nosa pretensión foi contar cunha lei máis útil, eficiente e práctica, que simplifica a tramitación administrativa e limita a catro as súas figuras: directrices de ordenación do territorio, plans territoriais integrados e especiais, plans sectoriais e proxectos de interese autonómico.

### Case a metade dos concellos galegos teñen plan urbanístico ou están a punto de acadalo. Como evolucionou esta cuestión desde 2009 e cales son as previsións para este ano?

Nestes 12 anos pasamos de ter 33 Plans Xerais de Ordenación

## "A nova lei, en vigor desde febreiro, busca mellorar a calidade de vida dos galegos procurando o planeamento equilibrado de toda Galicia"

Municipal (PXOM) adaptados á Lei do Solo, a 111 para o 40% da poboación galega. Queda moito por percorrer, pero entenderase o esforzo que significa aprobar un plan xeral cada mes e medio.

Este ano esperamos poder aprobar outros 8 PXOM, algúns de tanta repercusión como os dos concellos do Grove e de Ponteareas, que levan máis de 20 anos cunha ordenación urbanística provisional.

## Entrevistamos a...

Asemade, quero subliñar que a Xunta de Galicia, consciente da dificultade de formular e tramitar os plans xerais, está a impulsar Plans Básicos Municipais (PBM) para concellos de menos de 5.000 habitantes e escasa complexidade urbanística co obxectivo de que ningún concello careza dun instrumento de planeamento. Actualmente están en tramitación os nove primeiros, que esperamos acaden a aprobación definitiva este mesmo ano; e xa contratamos a cartografía dos 9 seguintes PBM. É a nosa vontade que nesta legislatura se complete a ordenación dos 19 concellos restantes.

**Crear, mellorar ou humanizar os espazos de uso público constitúe un dos principais obxectivos do Plan Hurbe. Como se está a desenvolver este plan?**

Para a Xunta de Galicia é prioritaria a colaboración cos concellos consonte aos principios de cooperación, coordinación, asistencia activa e información recíproca, co obxectivo de procurar a mellora das condicións de vida dos galegos. O Plan Hurbe púxose en marcha no ano 2010 para apoiar ás entidades locais con actuacións que humanicen espazos de uso público e promovan o reequilibrio territorial.

A finalidade do Plan Hurbe é humanizar as vilas e os núcleos rurais, aplicando unha nova visión enfocada no futuro e nas persoas, con actuacións orientadas a frear o despoboamento, potenciando as infraestruturas, servizos e equipamentos e, en definitiva, mellorando o benestar e a calidade de vida da súa poboación. Os seus obxectivos son contribuír ao reequilibrio territorial de Galicia e á fixación de poboación rural mediante a mellora da calidade de vida nestas áreas; fomentar a creación e mellora dos espazos de encontro e goce do lecer en condicións óptimas de calidade e seguridade para as persoas de todas as idades; favorecer a sostibilidade futura, compatibilizando o desenvolvemento económico e a agrupación en torno aos núcleos de poboación con criterios de ordenación territorial e habitabilidade; recuperar espazos públicos que foron perdendo o seu carácter de interacción social por un inadecuado desenvolvemento urbanístico; e potenciar a conservación dos equipamentos urbanos patrimonio histórico das nosas vilas.



Presentación da nova Lei de Ordenación do Territorio.

Desde a súa posta en marcha permitiu a realización de 250 actuacións, cun investimento total de máis de 136 millóns de euros.

**Desde a súa dirección xeral tamén se aborda con especial interese a formación dos escolares. Un dos exemplos é o ProxectoTERRA. Déanos unhas pinceladas sobre esta iniciativa.**

O ProxectoTERRA xurdiu, inicialmente en 2000, como iniciativa do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia (COAG) e tres anos máis tarde, a Xunta de Galicia uniuse a través das consellerías de Medio Ambiente e de Cultura.

É unha iniciativa que achega á poboación os problemas básicos asociados aos lugares habitados e á ocupación do territorio, involucrando a diferentes organismos tanto no financiamento e apoio á execución das diversas accións como compartindo iniciativas e recursos.

Todos os materiais, que son elaborados por docentes do correspondente nivel educativo, están a disposición do profesorado e do alumnado. A día de hoxe xa se distribuíron gratuitamente a 1.400 centros de Infantil, Primaria e Secundaria de Galicia.

O obxectivo desa programación, que desenvolveu 900 actividades

***"Todos somos corresponsables da construción da nosa contorna e non podemos eludir o noso compromiso, cada un no seu ámbito concreto"***

complementarias como visitas guiadas e intercambios territoriais nas que participaron 2.400 profesores e 45.000 escolares, é que o alumnado poida vivir en primeira persoa de onde se parte para intuír ata onde se pode chegar, con múltiples visións dos espazos que contribúen a facer máis completa a imaxe do territorio da Eurorrexión de Galicia - Norte de Portugal.

**De que ferramentas se está a valer a Xunta para impulsar a sostibilidade na ordenación do territorio e o urbanismo?**

Partimos da idea básica de que o urbanismo é unha tarefa de todos: todos somos corresponsables da construción do noso territorio e non podemos eludir o noso compromiso, cada un no seu ámbito concreto. Concibimos a ordenación

## Entrevistamos a...

e protección do territorio como unha responsabilidade colectiva, como un acto froito do diálogo de todos e cada un dos axentes implicados, de toda a sociedade en conxunto. Diso trata o principio do urbanismo responsable.

Galicia ten un plan porque o futuro dun país non se improvisa. O territorio e a paisaxe de Galicia, coa singular

implantación do sistema de núcleos rurais que identifican e conforman o noso carácter diferencial como pobo e constitúen o noso principal activo, esíxenos garantir a súa ordenación, protección e mellora, e impulsar a súa revitalización.

Iso só será posible baixo o común acordo, cunha conciencia colectiva

de respecto que, transcendendo das persoas, se estenda ao territorio e se proxecte no tempo, dando paso a unha Galicia modélica na súa ordenación, no seu urbanismo e na súa paisaxe.

Queremos facelo sen presa mais sen pausa; sen algaradas, pero coa firmeza e a autoridade que dá a convicción de estar a facer as cousas ben. ●



## PERFIL PROFESIONAL

Encarnación Rivas Díaz (Monforte de Lemos, 1962) estudou Arquitectura na Escola Técnica Superior da Coruña, licenciándose no ano 1988 na especialidade de Urbanismo. Conta, ademais, con tres cursos superiores de Técnico de Urbanismo, un Mestrado de Proxectación Urbanística e Territorial e é funcionaria de carreira polo Concello de Pontevedra.

Desempeñou a súa carreira laboral, sobre todo, na administración pública. Entre os anos 1992 e 1993 foi arquitecta do Instituto Galego de Vivenda e Solo para, nos períodos entre agosto de 1995 - setembro de 1999 e outubro 1999 – maio 2000, ocupar o mesmo cargo na Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda, e na Consellería de Economía e Facenda, respectivamente.

En 2000 gañou por oposición a praza de arquitecto municipal do Concello de Pontevedra, ocupando a Xefatura da Oficina Técnica de Disciplina Urbanística. Catro anos despois, en xullo de 2004 foi nomeada xerente de Urbanismo do Concello de Sanxenxo.

Tras volver durante un ano a súa praza no Concello de Pontevedra, entre xaneiro de 2008 e maio de 2009 é asesora urbanística da Deputación de Pontevedra ata que, neste mesmo mes, é nomeada directora xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo da Xunta de Galicia.

Nestes case 12 anos á fronte do departamento autonómico, xunto co seu equipo, aprobou máis de 90 PXOM e impulsou o textos legais tan importantes para o planeamento galego como a Lei 2/2016 do Solo de Galicia, xunto co seu regulamento, o Plan básico autonómico de Galicia, as Normas técnicas de planeamento de Galicia e, xa por último, a nova Lei de Ordenación do Territorio.

## Entrevistamos a...



**Luís Lamas Álvarez**

Concelleiro de Obras e Servizos.  
Concello de Carballo

### *"A complicidade da cidadanía é moi alta cos servizos de medio ambiente"*

O Concello de Carballo foi un dos primeiros de Galicia en sumarse ao programa "Ti tes a chave" impulsado por Sogama para implantar o quinto contedor marrón en zonas urbanas con moi boa acollida entre a poboación. O concelleiro Luís Lamas fálanos do intenso traballo realizado polo goberno local na área de Medio Ambiente e da importancia de crear, desde un comezo, unha marca de referencia para que a cidadanía se sinta reflectida -e comprometida- co resultado de todas as accións que poñen en marcha. O proxecto "Carballo limpo" evolucionou agora a "Carballo 2030" baixo o que unifican todos os servizos, así como os plans de aforro enerxético e o novo modelo de mobilidade.

#### **A xestión sostible dos residuos urbanos constitúe, desde hai anos, unha prioridade para o Concello de Carballo. Que balance fai do traballo realizado neste ámbito?**

Cando accedemos ao goberno municipal no ano 2003 atopámonos cun concello sen apenas recollida selectiva, sen ningún tipo de recollida na zona rural, cun servizo de limpeza viaria a todas luces insuficiente, e mesmo cun cobro aleatorio dos recibos de recollida, xa que había moitas vivendas que non pagaban.

Ante esta situación, o noso primeiro cometido consistiu na elaboración dun inventario de necesidades, pero ao mesmo tempo empezamos a traballar para conseguir a implicación da veciñanza no obxectivo común de facer de Carballo un bo lugar para vivir, tamén desde o punto de vista medioambiental.

Así naceu Carballo Limpo, unha marca que unifica as accións de limpeza, servizos e medio ambiente, e coa que pretendíamos que a poboación se identificase coas novas accións de goberno vinculadas á mellora do espazo público, buscando deste xeito unha complicidade que foi vital en todas as medidas que viñeron despois.

Este paso foi fundamental, así como o acerto nas concesións de servizos como a limpeza viaria e a de edificios a cargo do Centro Especial de Emprego Aspaber ou o mantemento das zonas verdes por Dixardín, e o bo entendemento entre o servizo de Medio Ambiente do Concello e as empresas que xestionan a recollida de lixo, o alumeado e o ciclo integral da auga, entre outras.

Todo iso fixo que ese obxectivo de converter a Carballo nun bo lugar

#### *"Temos achegado centos de toneladas de lixo orgánico ás hortas do noso rural, co cal levamos a economía circular ao seu máximo expoñente"*

para vivir sexa unha realidade, como demostra o feito de que moita xente nova que escollo Carballo para facer a súa vida ou que nas enquisas que levamos feitas, estes servizos acadan unha puntuación de 8,9 sobre 10, polo que o balance non é que sexa bo para nós, senón que é bo para a cidadanía de Carballo, que ao fin é para o que traballamos.

## Entrevistamos a...

**A firme aposta pola compostaxe doméstica posibilitou que, a día de hoxe, un bo número de vivendas unifamiliares estean a autoxestionar a materia orgánica producida nas mesmas. Que puntos destacaría desta iniciativa?**

Desde 2014 e ata hoxe levamos instalados 562 composteiros, cun balance altamente satisfactorio, xa que o 92% están producindo compost. A verdade é que cuidamos moito este modelo de tratamento da fracción orgánica polo que optamos para as nosas vivendas do rural.

Ademais da colaboración de Sogama, que achegou boa parte destas instalacións, pola nosa parte corremos cos custos de formación e seguimento das instalacións: un mestre composteiro realiza a entrega a domicilio, fai a montaxe no lugar escollido e tamén lle dá a primeira formación á familia, acción de formación e apoio que se repite semanas despois, e incluso se procura visitar todas as instalacións unha vez ao ano.

Loxicamente, este esforzo ten a súa recompensa, e son centos as toneladas de lixo orgánico que se teñen achegado ás hortas do noso rural, co cal levamos a economía circular ao seu máximo expoñente.

Notamos moito o efecto demostrativo, e cada ano temos mais solicitudes debido a que as familias que teñen o composteiro en uso fan un labor de difusión fundamental entre a veciñanza, e isto fai que se perdan as reticencias e dúbidas sobre a compostaxe que poida ter a cidadanía, co cal esperamos continuar a bo ritmo con este sistema.

**Tamén se involucraron de cheo na compostaxe industrial a través da implantación nas rúas do quinto contedor (de cor marrón) para a recollida selectiva da fracción orgánica. Como está a funcionar?**

En 2016 o noso concello realizou un proxecto piloto de compostaxe nun barrio urbano no que colaboraron 26 familias. Os resultados de achega e de impropios foron tan positivos que en canto se anunciou a posta en marcha da planta de compostaxe por parte de Sogama decidimos poñer en marcha o proxecto en toda a zona urbana.

A día de hoxe xa son 1.300 as familias e 125 as empresas que están a participar na recollida separada de materia orgánica, o que supón que en menos dun ano contamos con case o 20% da poboación comprometida coa compostaxe.



Carballo participou na campaña de reciclaxe de Ecodividrio con motivo do Día do cancro de mama.

**“Ti tes a chave” e “Carballo Limpo” son dúas das campañas de formación e concienciación ambiental máis relevantes. Percíbese un maior compromiso da veciñanza coa protección da contorna?**

Foi importantísimo crear unha referencia para a cidadanía na que se reflectisen as diferentes accións a poñer en marcha. A limpeza viaria, a recollida de lixo, o ciclo da auga e outros servizos son identificados a día de hoxe non só pola planificación conxunta e pola marca, senón tamén por unha imaxe conxunta dos traballadores e dos medios. A cidadanía deste xeito percibe que os seus esforzos se reflicten en realidades que ve no seu día a día. Nestes momentos, todos os servizos, así como os plans de aforro enerxético e o novo modelo de mobilidade, forman parte da marca “Carballo 2030”, que pretende trasladar un novo reto á cidadanía de Carballo: conseguir un concello máis sostible.

**Dispoñen no municipio dun punto limpo para a recollida daqueles residuos de especiais características a fin de darlles a mellor xestión posible. Que acollida ten este servizo e que valoración fai da participación cidadá?**

En Carballo non só contamos cun punto limpo, senón que desde hai anos contamos cun servizo de Punto Limpo Móbil e tamén con recollida porta a porta de cartón comercial que ten unha grande aceptación. A verdade é que, cada semana, o

***“A marca Carballo 2030 pretende trasladar un novo reto á nosa veciñanza: conseguir un concello máis sostible”***

servizo recolle dúcias de avisos e o número de usos que ten o punto limpo mídese por centos ao longo do ano, o que fai que xa case non contemos con vertedoiros incontrolados no municipio. De feito, cando aparece un a cidadanía rapidamente dá aviso por medio da app de incidencias ou chamando ao propio Concello.

A complicidade da cidadanía é moi alta cos servizos de medio ambiente, de feito acabamos de facer unha enquisa entre os usuarios e é un servizo que recibe unha nota que roza o sobresainto.

**A reciclaxe das distintas fraccións de refugallos tamén está a experimentar en Carballo un notable incremento. Que contedor presenta máis dificultades para os usuarios?**

A cidadanía de Carballo fai unha boa separación dos envases lixeiros, pero estamos agora realizando accións para aumentar o volume da recollida sen baixar estes bos niveles de impropios e están a dar moi bo resultado. De feito, pasamos de 29 a 30 toneladas no pasado mes de abril. ●



## PERFIL PROFESIONAL

Tanto pola súa traxectoria persoal, ligada ao medio rural, coma pola profesional, como capataz agrícola, Luís Lamas Álvarez (Carballo, 1956) é unha persoa moi apegada á terra. Froito dese estreito vínculo destacan nel dúas características que o definen: o profundo coñecemento do territorio e a conciencia de que, desde calquera ámbito de actuación, cómpre promover un desenvolvemento sostible a calquera nivel.

No seu caso, esta aposta materializouse tamén a través da acción política. Luís Lamas é militante do BNG e concelleiro desde hai 42 anos.

Agás durante o período 1983-1995, no que formou parte da corporación municipal de Xermade (Lugo), toda a súa bagaxe política está ligada ao Concello de Carballo, primeiro na oposición e, desde 2003, no goberno municipal. Ao longo destes 18 anos sempre tivo responsabilidades nas áreas de Obras e Servizos, converténdose na cara máis visible dunha longa listaxe de servizos que están a experimentar un importante proceso de transformación para adaptarse a unhas esixencias medioambientais cada vez maiores.

O alumeado, o control de pragas, o ciclo integral da auga ou a xestión dos residuos sólidos urbanos son áreas fundamentais na Estratexia 2030 nas que o Concello de Carballo leva anos sendo unha referencia grazas á capacidade de anticipación e ao fondo compromiso do equipo de Luís Lamas cun concello e un mundo máis verde.

O alumeado, o control de pragas, o ciclo integral da auga ou a xestión dos residuos sólidos urbanos son áreas fundamentais na Estratexia 2030 nas que o Concello de Carballo leva anos sendo unha referencia grazas á capacidade de anticipación e ao fondo compromiso do equipo de Luís Lamas cun concello e un mundo máis verde.



# Mundo SOGAMA

## A cuarta planta de biorresiduos de Galicia estará situada no concello de Verín e beneficiará a preto de 52.300 habitantes da provincia

Cun investimento de 5,5M€ e unha capacidade de tratamento de 3.000 toneladas de fracción orgánica, dará servizo a 24 concellos da provincia de Ourense desde o polígono empresarial de Pazos



Acto de presentación da planta de biorresiduos de Verín.

A Xunta de Galicia, a través de Sogama, construír a cuarta planta de biorresiduos no Concello de Verín, concretamente no polígono empresarial de Pazos. A infraestrutura ambiental sumaráse ás outras dúas novas plantas provinciais proxectadas en Vilanova de Arousa (Pontevedra) e en Cervo (Lugo), así como á que está operando en Cerceda (A Coruña).

Estas instalacións, xunto con outras públicas e privadas, tanto actuais como futuras, de compostaxe industrial, dotará a Galicia cunha rede de infraestruturas que permitirá dar servizo a toda a comunidade galega.

A planta de Verín conta cun orzamento de 5,5 millóns de euros, importe no que se inclúe a adquisición dos terreos, que suman case 12.000 m<sup>2</sup>, dos cales 3.500 se disporán para unha nave pechada e a construción da mesma.

Ao igual que a que se instalará na provincia de Lugo, terá unha capacidade de tratamento ata 3.000 Tn ao ano de fracción orgánica contida nos residuos domésticos e outras 1.600 Tn de podas e restos de madeira. Con este material, o obxectivo é acadar unha produción de 1.500 Tn anuais de compost de alta calidade, que se destinará ao sector da agricultura como abono natural e sostible en substitución dos fertilizantes artificiais.

### Fonte de enerxía renovable

A planta de Verín beneficiará a preto de 52.300 habitantes da provincia, concretamente aos veciños de 24 concellos. A previsión é que a planta dea emprego na zona a entre 8 e 10 persoas.

A planta abranguerá a totalidade do proceso da compostaxe dos residuos

*Grazas ás tres plantas que impulsa a Xunta, xunto coa xa operativa en Cerceda e as instalacións de compostaxe industrial, actuais e futuras, Galicia contará cunha rede coa que dar servizo a todo o territorio galego*

recibidos, comprendendo todas as fases (pretratamento, fermentación, maduración e almacenamento) así como os correspondentes tratamentos de aire e de augas. ●

# Actualidade

## Avanza o proxecto da nova planta de transferencia de Cee

Estará situada nunha parcela de 4.500 m<sup>2</sup>, no parque empresarial da localidade, e contará cun orzamento de case 2 millóns de euros para a súa posta en marcha



Trátase dunha planta que poderá transferir máis de 12.000 toneladas ao ano de residuos, con destino ao Complexo Medioambiental de Sogama, e que prestará servizo aos concellos de Cee, Corcubión e Fisterra, podéndose ampliar a outros próximos.

Coa nova infraestrutura melloraránse as prestacións, capacidade e calidade do servizo, xa que a actual, ademais de ser máis pequena, presenta limitacións técnicas e operativas, incluso a nivel de accesibilidade para os camiões de recollida do lixo.

Esta é a primeira mellora que se realizará nas 13 instalacións deste tipo existentes en Galicia. En 7 delas (Lugo, Ourense, Vigo, Silleda, A Rúa, Narón e Porriño) habilitarase unha nova tolva para o transvase de materia orgánica recollida selectivamente. As 5 microplantas existentes (Curtis,

Ponteceso, Cañiza, Riotorto e A Lama) transformaranse en plantas de transferencia de maior capacidade.

Segundo manifestou a conselleira de Medio Ambiente, Ángeles Vázquez, durante unha visita a Cee, trátase dunha planificación responsable e con previsión para mellorar o servizo destas instalacións e axudar aos concellos galegos na obriga -que establece a normativa actual- de ter implantada a recollida selectiva da materia orgánica a través do quinto contedor, o de cor marrón, a finais de 2023, e que teñan unha planta de compostaxe ou de transferencia a menos de 50 quilómetros.

### Características na instalación

A nova planta de Cee, ademais de acoller a bolsa negra (residuo convencional), poderá transferir a fracción de lixo correspondente á bolsa

amarela (envases de plástico, latas e briks depositados nos contedores amarelos de recollida selectiva), así como os residuos orgánicos recollidos de forma diferenciada a través do contedor marrón.

Contará cunha nave de 600 m<sup>2</sup> e un compactador fixo de maior capacidade, unha báscula e un sistema de translación de contedores, con capacidade para tres unidades. Habilitarase un aparcadoiro de contedores, que será utilizado nas tarefas de cambio de contedores nos carros de translación ou ben para a ubicación dos mesmos en tanto en canto non sexan transportados ao centro xestor.

A instalación estará dotada ademais cunha depuradora de augas residuais e paneis solares para o propio autoconsumo da planta, fomentando deste xeito as enerxías renovables. ●

## Sogama fomenta a conciencia ambiental cun novo curso online para profesorado de Infantil, Primaria e ESO

A empresa pública defende desde os seus inicios a importancia da educación ambiental como un elemento transversal no currículo académico e instrumento de peso na transición do modelo lineal ao circular

A principios de abril concluíu de forma satisfactoria o curso en liña de educación ambiental impartido por Sogama e dirixido ao profesorado dependente da Xunta de todos os niveis: Educación Infantil, Primaria e ESO. Baixo o título "Pechando o círculo: a educación ambiental do século XXI", desenvolveuse a través da plataforma PLATEGA da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, contando con 30 horas lectivas.

Dado que a xestión sostible dos residuos constitúe unha prioridade desde o punto de vista ambiental e da saúde pública, preténdese que

os docentes contribúan desde as aulas, tal e como xa están a facer en moitos casos, a fomentar a conciencia ambiental inculcando no alumnado os bos hábitos vinculados á prevención e á redución da produción de lixo a través dun consumo consciente e responsable; á reutilización, alongando as prestacións dos artigos; e á reciclaxe, segregando os refugallos por tipoloxías e depositándoos nos contedores correspondentes para que poidan ser convertidos en novos produtos.

Pero, máis aló dos residuos, abordáronse igualmente

contidos asociados á loita contra o cambio climático, a conservación da biodiversidade e o uso eficiente dos recursos naturais, entre outros temas.

### Facilidades para os docentes

Todos os recursos estarán ao dispor do profesorado durante un tempo co fin de que poidan ser descargados e utilizados posteriormente.

Con este xa son 16 os cursos online impartidos por Sogama dirixidos a diversos colectivos sociais, destinando 9 deles a docentes de diferentes categorías educativas. ●

## Deixa de operar a planta provisional para tratar os residuos sanitarios ante a mellora da pandemia

A instalación, posta en marcha en tempo récord por Sogama e activa nos momentos álxidos das tres ondas da covid, tratou 285.280 kg de material desbotable de baixo risco como buzos, luvas, máscaras e similares

A planta provisional habilitada por Sogama no Complexo Medioambiental de Cerceda para xestionar residuos sanitarios de baixo risco (buzos, luvas, máscaras desbotables e similares) cesou a súa actividade a finais de maio tras constatarse unha mellora da evolución da pandemia, que se traduciu tamén nunha notable redución na xeración deste tipo de refugallos. Deste xeito, volveron a ser xestionados integramente nas plantas especializadas existentes en Galicia.

No período durante o que estivo operativa a instalación, entre abril de 2020 e o pasado mes de marzo, Sogama xestionou un total de 285.280 quilos de residuos sanitarios de baixo risco mediante un proceso de valorización enerxética a máis de 850°C, temperatura coa que se garante a eliminación controlada de patóxenos e outros axentes nocivos.

A actividade da planta provisional, por tanto, coincidiu cos momentos álxidos das tres ondas máis virulentas da covid en Galicia e, a medida que a incidencia da pandemia foi sendo menor, detectouse un descenso progresivo na entrada deste tipo de material. De feito, a entidade



A infraestrutura operou en todo momento de forma independente á actividade propia da xestión dos residuos urbanos.

pública non volveu recibir refugallos procedentes dos centros adscritos ao Sergas desde o pasado 11 de marzo, circunstancia que permitiu prescindir definitivamente da actividade desta infraestrutura, que operou en todo momento de forma independente, con persoal externo contratado e horarios diferenciados aos do resto de traballadores do Complexo Medioambiental.

Galicia, xunto con Cantabria, País Vasco, Cataluña e Baleares, foi unha das cinco comunidades autónomas que botaron man das súas plantas de valorización enerxética para tratar este tipo de refugallos, evitando así que acabasen en vertedoiro, a

alternativa menos desexable debido ao seu negativo impacto sobre o medio ambiente e a saúde das persoas.

### Rapidez de accións

Hai que recordar que no caso galego, Sogama redactou o proxecto nun tempo récord e, unha vez dispuxo da autorización administrativa por parte da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, habilitou esta planta provisional onde os residuos sanitarios de baixo risco recibían un pretratamento a través da súa trituración e acondicionamento en forma de combustible CDR, para ser valorizado enerxeticamente na planta termoeléctrica. ●

## Actualidade

## A compostaxe doméstica liderada por Sogama suma máis de 800 novas familias repartidas en dezaoito concellos

Os usuarios sempre poden consultar dúbidas na web [www.compostaconsogama.gal](http://www.compostaconsogama.gal)

Xusto 810 novos composteiros están operativos en outras tantas vivendas con horta ou xardín de 18 municipios galegos que, nos pasados tres meses, se sumaron ao programa de compostaxe doméstica de Sogama ou ampliaron a súa participación con máis familias adscritas. Unha cifra que dá conta do éxito e boa acollida que ten esta iniciativa de educación ambiental, con importantes beneficios económicos, sociais e ambientais.

O programa implantouse no Incio, Val do Dubra, Malpica de Bergantiños, Barro, Fene, Poio, Arzúa, Neda, Padrón e Baralla; e ampliouse en Monforte, Sober, Pantón, Ordes, Salvaterra do Miño, Pazos de Borbén, Tui e Arbo.

### Bolsas do lixo menos pesadas

Dado que os restos orgánicos representan en torno ao 42% dunha bolsa de lixo tipo, se estes se reciclan en orixe, evítase o seu depósito nos contedores verdes convencionais, propiciando unha redución da cantidade de refugallos enviados a Sogama para o seu tratamento final e, polo tanto, unha diminución de custos.

Se ben a autocompostaxe constitúe unha práctica tradicional



As novas adscricións acompañanse de sesións formativas presenciais.

no rural galego, os composteiros, con capacidade duns 400 litros e fabricados con materiais reciclados e reciclables, propician que o proceso se leve a cabo dunha forma máis cómoda, hixiénica e eficiente.

A pretensión é obter un abono de alta calidade, que cumpra con todos os requisitos contemplados na normativa vixente e que poida ser utilizado sen restricións, e con garantías, na agricultura e na xardinería.

Xunto coa subministración dos recipientes de forma gratuita, Sogama impartiu cursos de formación ás



novas familias adscritas (Sarria, O Incio, Padrón, Malpica e Ribas de Sil) e proporcionoulle aos entes locais manuais didácticos de compostaxe doméstica, que poden complementar con consultas en calquera momento no sitio web [www.compostaconsogama.gal](http://www.compostaconsogama.gal).

A día de hoxe, un total de 365 entidades galegas (entre concellos, centros educativos e colectivos sociais) atópanse adscritas ao programa de autocompostaxe de Sogama, tendo repartido entre as mesmas preto de 16.500 composteiros. ●

## A comunidade da compostaxe doméstica ten un referente en 135 colexios de toda Galicia

Algúns con máis de 2 composteiros no centro, convierten os restos do xantar e das merendas en abono para as hortas escolares ou os xardíns

A día de hoxe, un total de 135 centros educativos das catro provincias galegas atópanse adscritos ao programa de compostaxe doméstica de Sogama co fin de levar á práctica a valorización da materia orgánica en orixe, converténdoa en compost.

Trátase de colexios que contan con servizo de comedor ou ben que xeran unha gran cantidade de residuos procedentes das merendas dos escolares, e dispoñen de terreo no que aplicar o compost resultante con son hortas ou xardíns.



Sogama repartiu entre os mesmos da orde de 160 composteiros, con capacidade para 390 litros e fabricados con materiais reciclados e reciclables. ●



O uso dos composteiros permítelle aos nenos aprender facendo.

## Actualidade

## Convocados os Premios “Recíclate con Sogama” 2020/2021

O importe económico deberá investirse en material ou accións educativas para o centro

Sogama e a Consellería de Cultura, Educación e Universidade lanzaron conxuntamente a convocatoria dos premios escolares correspondentes ao programa educativo “Recíclate con Sogama” 2020-2021, canalizado a través do Plan Proxecta da Xunta de Galicia.

O concurso premia os mellores carteis sobre reciclaxe elaborados polos centros educativos de primaria que participan na actual edición. Valorárase especialmente a difusión do concepto de reciclaxe, os seus beneficios e a necesidade de contribuír á mesma para lograr unha contorna máis limpa e saudable.

Establecéronse tres galardóns, que contan con dotacións económicas de 1.000, 600 e 300 euros, que os gañadores deberán investir en material ou accións educativas para o seu centro. ●



Cartel gañador nunha pasada edición.

## Sobresaliente en coñecemento ambiental para o alumnado de “Recíclate con Sogama” 2020-2021

Constatouse na terceira visita de seguimento antes da avaliación final

Durante a terceira visita de seguimento, persoal ao servizo da empresa pública realizou as caracterizacións dos tres contedores que conforman as illas de reciclaxe (amarelo, azul e verde) a fin de comprobar a calidade do material depositado nos mesmos.

En todos os casos constatouse o elevado nivel de coñecemento co que conta o alumnado, que demostrou a súa capacidade para segregar correctamente os refugallo en orixe e depositalos no recipiente correspondente, estando preparado para levar a cabo unha tarefa educativa na súa contorna familiar e social.

## Só pequenas confusións

O contedor que orixina maior confusión continúa a ser o amarelo, sobre todo pola tendencia a introducir no mesmo plásticos que non son envases nin envoltorios. No caso do azul, houbo algún erro moi puntual



O alumnado está preparado para trasladar os seus coñecementos á súa familia e amigos.

ao considerar que neste tamén se deben depositar os panos de mesa e panos de papel usados, cando o seu destino é o contedor verde da fracción resto.

Os datos resultantes das mostraxes constitúen un dos parámetros que se teñen en conta á hora de avaliar de forma global o traballo desenvolvido nos colexios de cara á puntuación final.

## Relación de centros participantes

Neste curso participan dez centros de toda Galicia:

- 3 da provincia de Lugo: CEIP Plurilingüe Pedro Caselles Rollán, de Xove; CEIP Plurilingüe A Gándara, de Monforte de Lemos; e CEIP Plurilingüe do Corgo.
- 5 da provincia de Pontevedra: CEIP Plurilingüe A Florida, de Sanxenxo; CEIP de Vilaxoán, de Vilagarcía de Arousa; CEIP Antonio Carpintero, de Arbo; CEP Altamira, de Salceda de Caselas; e CEIP Plurilingüe Pintor Laxeiro, de Vigo.
- 1 de Ourense: CPR Plurilingüe Divina Pastora, de Ourense cidade.
- 1 da provincia da Coruña: CEIP Plurilingüe San Xoán de Filgueira, de Ferrol. ●

🏠 Volver á portada

## EcoBallution: redes de pesca convertidas en canastras de básquet

As redeiras de Corme limpán e recuperan de forma artesanal estes aparellos desbotados polos barcos para reutilizalos na elaboración de artigos deportivos de calidade

Concoidindo coa Semana do Medio Ambiente, a Xunta de Galicia sumouse ao proxecto EcoBallution. Trátase dunha idea baseada na economía circular e impulsada polo xogador galego de baloncesto, Carlos Martínez, para fabricar canastras de básquet, e outros artigos deportivos de calidade, a partir de redes de pesca recuperadas pola Asociación de redeiras Illa da Estrela, de Corme (A Coruña).

Coa súa implicación nesta iniciativa innovadora e inspirada na economía circular, a Xunta quere contribuír á súa consolidación e crecemento, fixándose como obxectivo que instalacións deportivas de toda Galicia aposten pola utilización de material reciclado como canastras, redes de portería, complementos, accesorios e mesmo roupa deportiva. En concreto, a Consellería de Medio Ambiente participará a través de Sogama.



### Unión de dous mundos

Esta unión entre dous mundos aparentemente distanciados, como son o deporte e a artesanía e tradición mariñeiras, encaixa perfectamente cos principios da economía circular, que aposta polo consumo responsable dos recursos naturais e a súa redución progresiva dándolle unha "segunda

oportunidade" aos residuos a través da reciclaxe.

O proxecto é, tamén, outra maneira máis de visibilizar o imprescindible papel das redeiras na cadea de valor da pesca, así como o seu coñecemento e destreza para aplicar noutros ámbitos a súa técnica artesanal. ●

## O lixo en vertedoiros xera un 245% máis de emisións GEI que a súa valorización enerxética

O depósito dos residuos urbanos en España produce case 10 millóns de toneladas de CO<sub>2</sub>, o equivalente á contaminación anual dun parque automobilístico de 3,51 millóns de vehículos

A pegada de carbono da valorización enerxética é claramente menor que a asociada á eliminación en vertedoiro. Así o manifesta G-Advisory, firma de asesoramento independente do Grupo Garrigues, nun informe encargado por Aeversu (Asociación de Empresas de Valorización Enerxética de Residuos Urbanos), sobre o impacto ambiental da valorización enerxética en España e Andorra comparado co depósito en vertedoiros.

A pegada de carbono mide a totalidade de GEI emitidos por efecto directo ou indirecto, co fin de determinar a súa contribución ao cambio climático, e exprésase en toneladas de CO<sub>2</sub> equivalentes (tCO<sub>2</sub> e). No caso da xestión de residuos urbanos, principal sistema en España que segue a ter como destino a vertedoiro, representa o 4% das emisións de GEI (Gases de Efecto Invernadoiro).

Trala análise levada a cabo por G-Advisory, demostrouse que os



vertedoiros emiten 772 kg de CO<sub>2</sub> e por tonelada tratada, mentres que a valorización xera unhas emisións de 224 kg CO<sub>2</sub> e por tonelada tratada. É dicir, os vertedoiros emiten un 245% máis de emisións GEI que a valorización enerxética.

Grazas a este proceso de transformación dos residuos en enerxía, conséguese unha evidente mellora ambiental local. Pero, ademais de reducir o volume de refugallos que terminan en vertedoiro

nun 90%, a valorización enerxética pode supoñer unha redución de emisións equivalente á contaminación anual dun parque automobilístico de 3,51 millóns de vehículos. Ou o que é o mesmo, un 71% menos de emisións que o vertedoiro.

Desta forma, a valorización enerxética pode axudar a cumprir co marco da UE para 2030: un obxectivo de, alomenos, un 55% menos de emisións de gases de efecto invernadoiro en comparación con 1990. ●

# Multimedia

## Búscanos por @SogamaXunta nas redes sociais!

Inmersos nunha nova etapa empresarial, onde a investigación, o desenvolvemento e a innovación cobran especial protagonismo, xunto coa educación ambiental da poboación, Sogama intensificou o traballo conxunto que leva a cabo coa Xunta de Galicia e, máis concretamente, coa Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, Departamento autonómico ao que está adscrita.

Unha das accións contempladas foi modificar o nome de usuario por @SogamaXunta nas súas redes sociais Facebook, Twitter e Instagram para unificar criterios e funcionalidades.

Agora, sigue a actualidade da empresa pública en:

Facebook: <https://www.facebook.com/sogamaxunta>

Instagram: <https://www.instagram.com/sogamaxunta>

Twitter: <https://twitter.com/SogamaXunta>

Linkedin: <https://www.linkedin.com/in/sogama> ●



## O teatro é para o verán

Acabadas as clases e con moito tempo para argallar, por que non montar unha obra de teatro como fixeron os Amigos de Vilaverde?

Sen vergonza nin medo escénico, subiron ao escenario para representar varios contos cun fantástico vestuario confeccionado con moita creatividade, imaxinación e material de reciclaxe!

Nesta unidade didáctica do Caderno Verde ([www.cadernoverde.ga](http://www.cadernoverde.ga)) dámosvos algunhas ideas para xogar a ser actores e actrices e coidar do medio ambiente ao mesmo tempo. ●



Descarga aquí a unidade didáctica de Caderno Verde

## Multimedia

## Xogo online Ecoráculo

O obxectivo desta ferramenta lúdica é que os pequenos aprendan a separar os residuos en orixe e a depositalos nos contedores correspondentes para propiciar o seu reciclado; un xesto co que poderán dar unha segunda vida aos produtos, propiciando o aforro de enerxía e materias primas virxes.

Nun test interactivo, os pequenos van respondendo preguntas para descubrir o seu ecotalento e utilízalo para salvar o mundo. Ao final, a ferramenta asígnalles un rol baseado nos tres erres.

## Tres roles

Poderán ser ecodelegados/as, que son os que reducen. Moi comprometidos co aforro, apagan sempre a luz ao saír de calquera estancia e fan listas de todo o que necesitan para evitar o malgaste. Resultan ser tamén os máis estudosos e metódicos, saben como xestionar os recursos e poden exercer un labor de asesoramento nas súas familias e contorna social.

Os ecoinventores/as son os que reutilizan. Dan unha segunda oportunidade a todo: usan as follas polas dúas caras, apuran os lapis ata o final, etc. Son os máis creativos



e imaxinativos. Na casa ou en clase poderían axudar coas súas novas ideas.

Os ecorrecicladores/as son os que reciclan e identifícanse cos máis deportistas, activos e solidarios. Sírvenlles catro botes para montar un partido, recollen tapóns solidarios e pilas para reciclar.

Acabada a partida, o xogador pode imprimir ou descargar un diploma personalizado co nome no que se inclúe un pequeno para potenciar o seu ecotalento. ●



Ligazón ao xogo

## A tú comida ten algo que dicirche!

O pasado 5 de xuño, Sogama sumouse á conmemoración do Día Mundial do Medio Ambiente instando á cidadanía a reducir os desperdicios de alimentos para recordar o impacto moral, económico e medioambiental que teñen as decisións alimentarias.

Baixo o chamativo título de "A tú comida ten algo que dicirche!" editou cinco vídeos nos que repasa as principais cifras sobre esta problemática, as súas consecuencias e a importancia de tomar conciencia da problemática que representa o desperdicio alimentario.

Segundo a FAO, cada ano 1,3 billóns de toneladas de comida acaban no lixo, cifra equivalente á produción alimentaria de toda a África subsahariana; dato que contrasta co feito de que unha de cada 7 persoas do planeta vai para a cama famenta e máis de 20.000 nenos menores de 5 anos morren de inanición cada día. No noso caso, España é o sétimo país da Unión Europea que máis comida tira.

## Sen sobras nin desperdicios

Na seguinte ligazón pódense descargar tamén varios dos receiptarios con sobras de comida editados por Sogama como son "Para repañar o prato", outros como "Saborosa reciclaxe", consultar un buscador de receitas de reaproveitamento infantís e materiais de interese como una calculadora sobre o desperdicio alimentario global. ●



Ver os vídeos

[Volver á portada](#)



## Eventos

### Entrega anual dos premios Aproema

O Círculo de Empresarios de Galicia acolleu o pasado 3 de xuño o acto de entrega da quinta edición dos Premios Aproema 2021, que teñen como obxectivo recoñecer aquelas accións individuais ou colectivas, tanto públicas como privadas, orientadas á protección da contorna e ao fomento da conciencia ambiental na Comunidade Autónoma de Galicia.

A educación ambiental cobrou nesta ocasión especial protagonismo ao ser galardoados varios centros escolares polas súas iniciativas focalizadas na preservación do patrimonio natural galego e na sensibilización da poboación.

O presidente de Sogama, Javier Domínguez Lino, foi o encargado de entregar o galardón ao programa Voz Natura, promovido pola Fundación Santiago Rey Fernández-Latorre, e que recolleu a súa coordinadora, Nazareth Díaz Castro. Outros galardoados foron o colexio Divina Pastora Franciscanas



de Ourense, o Centro Nebrija Torre de Hércules da Coruña e o IES Xograr Afonso Gómez de Sarria (Lugo), así como Galaria, empresa pública de servizos dependente do SERGAS, El Corte Inglés, S.A e a Asociación Amigos. ●

### Relatorio internacional sobre as oportunidades de valorización de residuos en Sudamérica

Sogama participou a finais de febreiro pasado no webinar “O valor oculto dos residuos, oportunidades para Latinoamérica e o Caribe” promovido polo CIEMAT (Centro de Investigacións Enerxéticas, Ambientais e Tecnolóxicas de España) e o Centro de Formación da Cooperación Española en La Antigua, contando co apoio da Embaixada de España en Guatemala e a AECID (Agencia Española de Cooperación Internacional para el Desarrollo).

O obxectivo desta iniciativa era trasladar unha nova visión sobre os refugallo xerados no ámbito doméstico, agrícola e industrial, concibíndoos como verdadeiros recursos para producir enerxía, calor e obter produtos de valor engadido.

Pedro Alcázar Arévalo, Xefe de Control Técnico e Económico, Calidade



e Medio Ambiente de Sogama, foi o encargado de dar a coñecer os detalles do papel que desempeña esta empresa pública na valorización enerxética da fracción non reciclable contida no lixo en masa.

Entre os relatores houbo representantes de entidades de Colombia, Argentina, Chile e España, así como responsables da oficina do PNUMA (Programa das Nacións Unidas para o Medio Ambiente) para América Latina e o Caribe. ●

## Eventos

## Conferencia final do proxecto europeo Tropaverde

"A modernización de Sogama e a mellora dos seus procesos foron unha constante durante os últimos anos". Así o manifestou o presidente da empresa pública, Javier Domínguez, durante a súa intervención na conferencia final do proxecto europeo "Tropaverde Rewarding Recycling", promovido polo Concello de Santiago.

Aproveitou o evento para repasar os principais fitos históricos da entidade ata o día de hoxe e felicitar ao Concello polos bos resultados obtidos en 2020 na xestión das dúas fraccións de residuos

que competen a Sogama: bolsa negra e bolsa amarela. En canto á primeira, das 6 grandes cidades galegas que utilizan os servizos de Sogama, a compostelá foi a que máis reduciu a produción de residuos, que baixou un 10% en relación aos datos de 2019. Pola súa banda, a bolsa amarela (envases de plástico, latas e briks) medrou preto dun 11%. ●



## Semana da Reciclaxe 2021

Entre o 12 e 17 de maio, Día internacional da Reciclaxe, Sogama lanzou nas súas redes sociais a súa particular Semana da Reciclaxe 2021 para celebrar esta efeméride. Fíxoo con gráficas nas que clarificaba os residuos que deben e non deben ser depositados en cada un dos contedores de recollida selectiva.

Cada xornada dedicouse a un recipiente específico, detallando as súas funcionalidades. Así mesmo, divulgáronse unha serie de consellos e recomendacións para que os cidadáns propicien a reciclaxe da meirande parte dos refugallos producidos nos fogares ou centros de traballo e estudo. ●



Descarga aquí todas as gráficas publicadas na Semana da Reciclaxe 2021

## Unidade didáctica sobre o uso responsable dos medicamentos

SIGRE puxo a disposición dos centros escolares de secundaria (3º e 4º da ESO) e 1º de Bacharelato a unidade didáctica titulada "Medicamentos: cal, cando, como" para concienciar ao alumnado sobre o seu uso axeitado, tanto desde o punto de vista da saúde como do medio ambiente.

É o caso dos prospectos, a organización da caixa de primeiros auxilios doméstica ou da forma correcta de xestionar os caducados ou en desuso, así coma os seus envases, que deben ser depositados nos puntos SIGRE habilitados nas farmacias. Ademais da teoría, a iniciativa contempla actividades prácticas.

Os centros interesados poden solicitar os materiais formativos a través da [páxina web de SIGRE](#). ●



Fonte e imaxe: SIGRE

## Europa demanda máis restricións sobre os plásticos dun só uso

O Parlamento Europeo urxe a que se inclúan máis restricións sobre os plásticos dun só uso. Nunha resolución aprobada o pasado 25 de marzo, os eurodiputados urxían esta medida así como reducir os residuos mariños e incrementar o uso de materiais sostibles para a fabricación das artes de pesca, xa que o lixo mariño afecta tanto aos ecosistemas como aos consumidores, así como á pesca e aos pescadores. Segundo o Centro Común de Investigación, os refugallos da pesca e a acuicultura constitúen o 27% do lixo mariño.

O Parlamento insiste en que a Comisión propoña medidas para acabar coas "artes de pesca pantasma" e para eliminar progresivamente os contedores e envases de poliestireno expandido procedentes dos produtos da pesca, así como todos os plásticos e envases innecesarios. Urxe tamén a que se reforce a visión marítima nas novas estratexias da Unión, en particular o Pacto Verde Europeo, a Estratexia sobre a biodiversidade ou a Estratexia "da granxa á mesa", e insta á Comisión a que acelere o desenvolvemento da economía circular nos sectores da pesca e da acuicultura. ●



Fonte e imaxe: Parlamento Europeo

## 2 millóns de lámpadas para dar 5 veces a volta á Terra

EucoLight, a Asociación Europea de Sistemas Colectivos de Responsabilidade Ampliada do Produtor (SCRAP) de Residuos de Aparellos Eléctricos e Electrónicos (RAEE) propios do sector da iluminación, celebrou a reciclaxe da lámpada número dous mil millóns en toda Europa.

Esta cifra equivale, en peso, a 140 veces o London Eye, coa particularidade de que todas as lámpadas recicladas en fila poderían dar cinco voltas á Terra. Estes e outros datos foron plasmados nun vídeo dispoñible no sitio web [eucolight.org](http://eucolight.org).

No transcurso dun evento en liña, a eurodeputada Simona Bonafè foi a encargada de depositar a lámpada número 2 mil millóns no contedor correspondente. ●

Fonte e imaxe: EucoLight



## Impacto ambiental de luvas e máscaras desbotables sobre a saúde e o medio

Tras a chegada da pandemia, o consumo de máscaras e luvas desbotables incrementouse de forma exponencial debido á imperiosa necesidade de protexernos (e protexer aos demais) do virus. Unha vez finalizada a súa vida útil, estes materiais convértense en residuos que, no caso do modelo Sogama, deben ser depositados polos cidadáns no contedor da fracción resto para que reciban o tratamento oportuno (valorización enerxética a máis de 850º, temperatura coa que se garante a destrución de patóxenos e outros axentes nocivos).

Non obstante, en moitas ocasións estes refugallos son abandonados polos usuarios na contorna, incrementando substancialmente os niveis de contaminación, tanto terrestre como marítima.

Neste contexto, o Programa das Nacións Unidas para o Medio Ambiente (PNUMA) instou aos gobernos a xestionar e eliminar de forma segura estes novos residuos a fin de facer fronte a unha problemática que vai a máis. ●

Fonte e imaxe: ONU



## Aumenta a reciclaxe das baterías da mobilidade eléctrica



Ecopilas reciclou un 67% máis de baterías de patinetes, bicicletas, motos e coches eléctricos en 2020, que superan os 54.000 quilos. A fundación medioambiental cre que este fluxo de residuos representa un auténtico reto e tamén unha oportunidade de crecemento socioeconómico para o sector da reciclaxe polo volume que alcanzará nos próximos anos.

Ecopilas participa actualmente no proxecto europeo Lions2Life que ten por obxectivo reutilizar este tipo de baterías como sistemas de almacenamento de enerxía en vivendas ou instalacións industriais con paneis solares. ●

Fonte: FuturEnviro  
Imaxe: Pexels

## Récord de aluminio postconsumo producido

A produción mundial de aluminio reciclado postconsumo alcanzou un novo récord, chegando aos 20 millóns de toneladas en 2019, unha cantidade que permitiu evitar a emisión de 300 millóns de toneladas de gases de efecto invernadoiro, xa que o metal reciclado reduce a demanda de aluminio primario.

Así se recolle nos datos actualizados do Instituto Internacional do Aluminio, que sinala que esta cifra representa case o 60% do consumo total de chatarra, xa que o postconsumo -procedente de produtos usados (envases, vehículos e construción)- segue a superar os niveis de chatarra de preconsumo -xeralmente producida en procesos industriais-.

Cómpre recordar que a lata de aluminio é o envase de bebidas máis reciclado no mundo. ●

Fonte: Residuos Profesional  
Imaxe: Pexels



## Consólidase o compromiso coa reciclaxe de vidro

Cada galego depositou durante o ano pasado unha media de 63 envases de vidro nos contedores verdes, unha cifra superior á media española (61 por persoa) e que supón ademais unha mostra do compromiso crecente coa recollida selectiva da cidadanía galega, que nun ano marcado pola covid conseguiu seguir reciclando máis e mellor.

Malia o impacto da covid na hostalería, responsable da xeración de máis do 50% deste tipo de residuos, os fogares galegos reciclaron máis vidro durante o ano pasado, o que permitiu paliar a notable caída do consumo de envases.

Os galegos achegaron en 2020, a través dos iglús verdes, case 50.000 toneladas deste tipo de refugallo, unha media de 18,3 kg por cada habitante.

Ecovidrio tamén puido recuperar 20.600 toneladas deste material procedente do Complexo Medioambiental de Sogama en Cerceda, o que supuxo un 8,5% máis que o ano anterior. ●



Fonte e imaxe: Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda

## Case 72.000 toneladas depositadas nos contedores amarelo e azul en 2020

Cada cidadán galego depositou durante 2020, nos contedores amarelo e azul, case 2 quilos máis de residuos que no exercicio anterior, un dato que consolida a tendencia ascendente dos últimos anos das taxas de reciclaxe na Comunidade e a pesar da crise da covid. Esta foi a principal conclusión do balance que realizou a conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, Ángeles Vázquez, para dar a coñecer os últimos datos de recollida selectiva dispoñibles, acompañada do representante de Ecoembes en Galicia, Bruno de Llano. Ademais de salientar o esforzo realizado polos galegos e da canle Horeca —hostalería, restauración e catering, destacou a importancia da rede organizada por Ecoembes, que o ano pasado incrementou a súa infraestrutura en preto de 1.300 novos contedores, para un total de 36.500 amarelos e case 15.000 azuis.



En concreto, en 2020 cada galego reciclou unha media de 14,6 kg de envases domésticos de plástico, metal e brik —residuos que se depositan no contedor amarelo e 15 kg de papel e cartón a través dos contedores de cor azul. En total, a Comunidade reciclou 71.130 toneladas de envases lixeiros e de papel e cartón que foron enviadas a instalacións recicladoras homologadas.

Por outra banda, no marco do no Xacobeo 2021-2022 porase en marcha a campaña Camiño da Reciclaxe, na que colaboran a Xunta de Galicia e Ecoembes co obxectivo de sensibilizar sobre a conservación da contorna ás persoas que decidan realizar a peregrinaxe cara a Santiago. ●

Fonte e imaxe: Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda

# Receitario

## Pícnic estival

Coa porta do verán xa aberta, traémosvos unha proposta de menú para saborear aínda máis o bo tempo baixo un ceo totalmente despexado e co sol como compañeiro. A base, coma sempre, son sobras de comida e nesta ocasión seleccionamos tamén alimentos que están en tempada e, ben seguro, son habituais na vosa cesta da compra destes meses. Da peixería os xurelos, as xardas e as sardiñas, peixe azul que capturan a diario os nosos barcos do cerco, e da horta, as patacas novas ou as leitugas frescas.

Se vos animades a preparar este pícnic campestre, compartide con nós as fotos nas nosas redes sociais [Facebook](#), [Twitter](#) e [Instagram](#) ou etiquetádenos!

Coma sempre, este menú está inspirado no receitario con sobras editado polo Penal de Monterroso, "[Sabroso reciclaje](#)".

## *Pataca duffenoise*



### Ingredientes reciclados:

- Patacas



### Outros ingredientes:

- Aceite
- Leite
- Allo
- Queixo ou nata líquida



### Elaboración:

1. Cortar as patacas en rodas finas (tipo panadeira) e poñer o forno a quente.
2. Untar unha bandexa con aceite e allo e manter o maior tempo posible para que se impregne do sabor. Sacar o allo antes de colocar as patacas
3. Colocar as patacas na bandexa coma se fosen tellas, solapándose unhas sobre outras; mesturar o leite coa nata e cubrir ata que queden tapadas.
4. Enfornar a 170-180° o tempo que necesite, revisando cada pouco que non se queimen.

# Receitario

## Croquetas de peixe



### Ingredientes reciclados:

- Peixe dunha fidedúa, frito, asado, etc.
- Cebola e tomates
- Arroz
- Pemento



### Outros ingredientes:

- Ovo para o rebozado (opcional)
- Pan raiado
- Fariña
- Colorante
- Aceite



### Elaboración:

1. Picar moi miúdos os restos de peixe, de cebola e de tomate e misturar co arroz, cun pouco de pan raiado, con fariña e co colorante.
2. Facer bolas coa masa e rebozar en ovo e pan raiado.
3. Fritir en abundante aceite ata dourar; escorrer sobre papel absorbente e servir quentes.

## Ensalada de polo con sardiñas



### Ingredientes reciclados:

- Sardiñas
- Pan reseso
- Polo asado ou cocido



### Outros ingredientes:

- Ovos
- Allo
- Aceite
- Leituga
- Lascas de queixo



### Elaboración:

1. Facer primeiro a salsa tipo alioli co ovo, o allo e o aceite; reservar.
2. A continuación, preparar a ensalada de leituga coas sardiñas, o polo picado en xuliana, a leituga, o pan en tiras frito e as lascas de queixo cortadas en tiras non moi finas.
3. Poñer por riba a salsa e listo para servir!